

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AUGAS DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 18 de novembro de 2021 pola que se modifica a Resolución do 12 de marzo de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrència competitiva, destinadas á execución de obras de abastecemento, saneamento e depuración, financiadas no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento AU300A).

O 24 de marzo de 2021 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Resolución do 12 de marzo de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrència competitiva, destinadas á execución de obras de abastecemento, saneamento e depuración, financiadas no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento AU300A).

No artigo 22 da Resolución do 12 de marzo de 2021 establécese que o prazo para a presentación da documentación xustificativa da subvención finalizará o 30 de novembro de 2021, sen prexuízo de que se poida presentar a dita documentación con anterioridade para a súa tramitación.

O 23 de abril de 2021 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Resolución do 19 de abril de 2021 pola que se modifica a Resolución do 12 de marzo de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrència competitiva, destinadas á execución de obras de abastecemento, saneamento e depuración, financiadas no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2021.

No artigo único.un da Resolución do 19 de abril de 2021 modifícase o artigo 8 da Resolución do 12 de marzo de 2021 coa finalidade de ampliar prazo de presentación de solicitudes ata o 7 de maio de 2021.

Con posterioridade ao outorgamento das subvención recibíronse en Augas de Galicia comunicacións de concellos beneficiarios solicitando a ampliación do prazo de xustificación.

Debe terse en conta, así mesmo, a complexidade do proceso de tramitación do obxecto subvencionado e que para a licitación dos contratos de obras os concellos beneficiarios



están suxeitos aos prazos establecidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro.

O artigo 45.3 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, establece a posibilidade de que o órgano concedente das subvencións outorgue, salvo precepto en contra contido nas bases reguladoras, unha ampliación do prazo establecido para presentar a xustificación, que non excederá a metade deste e sempre que con iso non se prexudiquen dereitos de terceiros.

Por outra banda, remítese ao disposto con carácter xeral no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no cal se indica que a ampliación poderá acordarse de oficio ou por instancia de parte antes do vencemento do prazo de que se trate e se as circunstancias así o aconsellasen.

As bases reguladoras da convocatoria de axudas non conteñen precepto en contra da ampliación e con ela non se causa prexuízo a terceiros.

Por todo o anterior, sobre a base dos requisitos e condicións previstos na normativa anteriormente citada e tendo en conta todo o exposto,

RESOLVO:

Artigo único. Modificación da Resolución do 12 de marzo de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrència competitiva, destinadas á execución de obras de abastecemento, saneamento e depuración, financiadas no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento AU300A)

Modifícase o número 1 do artigo 22 da Resolución do 12 de marzo de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrència competitiva, destinadas á execución de obras de abastecemento, saneamento e depuración, financiadas no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento AU300A), que queda redactado como segue:

«1. O prazo para a presentación da documentación xustificativa da subvención finalizará o 10 de decembro de 2021, sen prexuízo de que se poida presentar a dita documentación con anterioridade para a súa tramitación».

CVE-DOG: n343ifp3-s5d0-rbn0-vtt7-qytcql6hw87



Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta resolución producirá efectos desde o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2021

Ethel María Vázquez Mourelle
Presidenta de Augas de Galicia

CVE-DOG: n343ifp3-s5d0-rbn0-vtt7-qytctql6hw87

